



Concello de Cangas

EXPTE.: 5040/2021

PROCEDEMENTO: CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE CANGAS

ASUNTO: PUBLICACIÓN DECRETO 2021-3029 DE CORRECCIÓN DE ERROS DETECTADOS NO DECRETO 2021-3024 - Resolución de concesión de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da COVID-19 no ámbito do municipio de Cangas.

PUBLICACIÓN: Por medio da presente procédese á publicación do DECRETO DE ALCALDÍA 2021-3029, de data 28/12/2021, de corrección de erros detectados no DECRETO 2021-3024, de data 27/12/2021, co contido que a seguir se reproduce, ocultando os datos de carácter persoal dos/as solicitantes en cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e normativa que a desenvolve:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Advertidos erros no DECRETO 2021-3024, de data 27/12/2021, Resolución de concesión de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da Covid-19 no ámbito do municipio de Cangas, tomando en consideración que segundo dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas “As Administracións Públicas poderán, así mesmo rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”, de acordo coas competencias que me outorga a lexislación vixente,

DISPOÑO:

PRIMERO.- Rectificar os erros detectados no Decreto 2021-3024, de data 27/12/2021, Resolución de concesión de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da Covid-19 no ámbito do municipio de Cangas, segundo se expón de seguido.

*No parágrafo cuarto da parte expositiva, de acordo coa actualización que se reflicte no informe emitido con data 27/12/2021 pola Intervención Municipal, en relación coa aplicación do orzamento vixente, onde di 439-480 debe dicir **4312-480**.*

No punto primeiro da parte dispositiva no que se reflicte a táboa coa relación de solicitudes corríxese:

- en relación coa solicitante con DNI *****3764****, onde di Lorena Salgado Vázquez, debe dicir Lorena **García Pousada**
- No CIF da empresa Fonte do Galo, CB, onde di ****70907**** debe dicir ****40907****
- no DNI do solicitante José Cerviño Valero, onde di *****9212*K** debe dicir *****9212*X**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9WLL7R9NZTS2GNDFA4NJC5RPP | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

No punto terceiro da parte dispositiva, onde di “Dispoñer a cantidade de 227.334,48 euros á que ascende a subvención” debe dicir “Dispoñer a cantidade de **227.333,84 euros á que ascende a suma total das axudas a conceder e recoñecer a obrigaón e ordenar o pago a favor dos terceiros/as que se sinalan no apartado primeiro**”.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos interesados/as con indicación dos recursos que resulten procedentes, ordenando a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e na sede electrónica do Concello de Cangas.”

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía do Concello de Cangas, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel fora resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime máis conveniente.

O que se publica aos efectos oportunos

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE



Cod. Validación: 9WLL7R9NZTS2GNDFA4NJQ5RPP | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2